

MEMORIA HISTÓRICA DE CANGAS

ENTREVISTA 1



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_SaVi_0067_000_en_0_00_00_id519_D

AUDIO DE REFERENCIA: MPG_SaVi_0067_000_en_0_00_00_id519

TIPO DE DOCUMENTO: ENTREVISTA

RESUMO / DESCRICIÓN

Esta ficha recolle a primeira parte dunha entrevista que Iago Santos Castroviejo fixo a Lola Rodal Blanco no ano 2003. A entrevista trata sobre sindicalismo e conflictividade social en Cangas en tempos da II República e a represión desatada a raíz do alzamento militar de 1936 contra dirixentes políticos e sindicais e as súas familias. A informante, Lola Rodal, fala da represión que sufriu a súa propia familia, así como outras persoas destacadas na vila.

DATOS DA ENTREVISTA

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 2003
- **INFORMANTE(S):**
Nome: Lola Rodal Blanco
Idade no momento da recollida: 82 anos
Lugar e data de nacemento: Cangas, 03/03/1921
- **RECOLLEDOR (ES):** Iago Santos Castroviejo
- **COMPILADOR (ES):** Iago Santos Castroviejo
- **COLECCIÓN:** Santos – Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar: Cangas
Concello: Cangas
Provincia: Pontevedra
País: Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

Autor: Iago Santos Castroviejo. Revisión do APOI

A informante posúe un marcado acento da costa pontevedresa e emprega a gheada e o seseo. Tamén son frecuentes os castelanismos e os localismos.

A transcripción fíxose respectando a pronuncia da persoa. Nos casos en que determinadas palabras ou expresións poidan xerar confusión, estas van acompañadas dunha nota a pé de páxina para aclarar o termo correcto ou o significado. Porén, para non entorpecer a lectura con aclaracións constantes, moitas palabras e expresións coloquiais transcribíense tal cual foron ditas e sen ningún tipo de aclaración.

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos pechados por parénteses “(...)” son inintelixibles e non se poden transcribir. Os parénteses “()” indican expresións xestuais da informante e os corchetes “[]” indican aclaracións do transcritor.

PALABRAS CHAVE

Cangas , sindicato , Mar y Tierra , CNT , Xuventudes Socialistas , UXT , Partido Comunista , atadeira , conserveira , fábrica de conservas , II República , mariñeiro , falanxismo , represión , cárcere , Igrexa , revolución de outubro , Guerra Civil , División Azul , lazareto , Lorenzo Corbacho Rodal , Partido Socialista , escola normal

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

NOTA: Esta entrevista é a primeira parte dunha entrevista completa. A segunda parte pódese atopar no seguinte rexistro do APOI:

Memoria Histórica de Cangas 2
MPG_SaVi_0068_000_en_0_00_00_id520

TRANSCRICIÓN

A gravación principia coa presentación do entrevistador mentres se escoita unha conversa informal de Lola de fondo.

0:01:27

P.- A única noticia que conseguimos de “Mar y Tierra” foi por usté, que este era un grupo de acción e propaganda sindical impulsada... bueno... non sei por que tendencia dentro da CNT.



LRB.- Bueno, iso si que non sei. Eu era bastante xoven e non sei. Eu sei que na miña casa falábase moito. Meus hermanos¹ traían libros e folletos e cousas... Durante a guerra inda se romperon algúns, bueno... máis ben a juventú² era a que estaba metida aí. Chicos xóvenes.

P.- Pódeme dicir quen estaba aí?

LRB.- Meus hermanos, meus primos, os Blanco, Aquilino Blanco... ¿sabes quen estaba e non era mariñeiro? Julio Mariño Barros, que era hermano de Chiquitina, da muller de Pucho Levita. Morreu na División Azul dispois. Tuvo que marcharse, pobre, porque con todo o que era, a pouco mais o liquidan. E os Nores, o que mataron, tenría por aí 16 anos... José Nores... que foi o que mataron canda os 11.

P.- ¿José Nores non era entón das Xuventudes Socialistas?

LRB.- Era, tamén, claro! E mais Joaquín, Ángel, un tal Eugenio - tamén o mataron ó pobre - Eugenio Nuñez... chamábase Jatón. Moitos. Eu agora xa non me dou cuenta. Estábase no mellor cando veu a guerra.

P.- Dentro da CNT había varias tendencias. Unha era de Ángel Pestaña, que desde había algún tempo formou xa o Partido Sindicalista. Na CNT había tamén outra sección máis radical, da FAI (os que estaban con Durruti). Estas tendencias en Cangas, como...?

LRB.- A CNT e a UGT si. A FAI non... inda estaban tamén... Inda se estaba falando todo eso. Eu os anos que tiña daquela, 13 ou 14 anos, estábase fraguando. A xente aquí, se había un chaval un pouco desperto, outros eran ao mellor rapaces que apenas sabían ler e escribir. Porque aquí había que ir ó mar. O que iba a escola, o que iba (recalca), saía os 14 anos para ir ó mar. Non había outro oficio. Ou peluquero, ou xastre, ou mariñeiro. Entonces claro... non había a formación suficiente... A xente de dereitas que criticaba, que era... a Iglesia³ aquí prohibía, aquí... e as nais daquela eran católicas, eran apostólicas e os fillos non podían destacarse en nada.

P.- Parécelle ben que entremos na cousa relixiosa? Súa nai era católica?

LRB.- Miña nai era católica. Naceu na casa católica. Eu son filla de abuelos⁴ católicos... todo. Eramos mui católicos. Cando nos criábase tiñamos que ir ó rosario. Na casa o rosario non se dicía, é verdá, pero ó rosario tiñamos que ir. Cando lle mentábase a veces preguntaba “quen dixo o rosario, quen dixo o sermón, quen dixo todo”. Pero miña nai se tiña que ir traballar as 8 da mañán, levantábase ás cinco da mañán porque había misa ás cinco e media ou seis da mañán. Pa ir a traballar, iba a misa tódolos días pero tiña que ir a misa pero tiña que traballar tamén ás oito da mañán, tódolos días. Meu pai xa non era tanto, a verdá. Pero nunca lle dixo a mamá... a nós nunca nos dixo non facer o que a tua nai di, non. Claro meus *hermanos* eran un pouquiño maiores e dispois xa despertaron máis, xa se meteron, xa non iban... Pero miña nai era católica toda a vida, toda a vida. Miña nai foi

¹ En diante “hermano” = irmán.

² Juventú = xuventude, xente nova.

³ En diante iglesia ou Iglesia = igrexa ou Igrexa.

⁴ Abuelos = avós.

desengañada cando viu isto, cando viu o Movemento⁵. Porque viu cousas... xa a levaron e xa botara seis anos, cerca de seis anos e medio pero viu moitas cousas malísimas coas monxas onde estivo, cos curas... con todo (emociónase).

P.- ¿Como pode ver unha persoa católica un proceso como é o comportamento da Igrexa durante a República... que bueno, foi moi tenso, moi...? a Igrexa foi unha gran... utilizou todo o seu aparato relixioso como aparato político para xenerar tensión...

LRB.- Aínda hoxe ¿e agora non é forte?

P.- Unha persoa católica que ó mesmo tempo é unha dirixente obreira ¿non?

LRB.- Hombre, pero é fácil de separar. Eles, os que dirixían, os que iban contra os obreros eran católicos pero non eran cristianos. Non facían o que Jesucristo dixo. Querían someter a xente á escravitud (sic).

P.- Súa nai foi presidenta de “La Reivindicadora”. Chamábase así, non?

LRB.- Si. Antes de afiliarensen ós homes si. Antes de xuntarse coas da fábrica e cos mariñeiros. Elas xuntáronse entre todas, porque en todos sitios: en Baiona – que había moito barco de ardora -, en Vigo, en Moaña... xa estaban unidas as mulleres, e aquí non. Alí xa ganaban 2,50 e aquí ganaban 1,50; aquí traballaban 10 horas... e 12. En Moaña xa había as 8 horas. A primeira protesta que fixeron foi pras 8 horas, porque eran mulleres que tiñan fillos pequenos. A que non tiña tres, tiña catro, tiña cinco, que non é como agora. Claro, pedían o legal. E daí xa huelga⁶. Daí xa veña, xa parar, xa non levalas a traballar... preferían coller xente vella, que xa non facía pe con bola, nas redes. Preferían pagar aquela xente que non sabía para dicirlles: “sen vos valémonos”. Tendes que vir aquí e agachar a cabeza aquí. Entón foi cando se uniron cos homes, para ter máis forza. Se nos homes había un abuso, paraban as fábricas as fabricantas, paraban as atadeiras, paraban os barcos...

P.- Isto xa non o localicei, porque hai un cambio na lexislación e dende o 32 apróbase a lei de asociacións profesionais, de sindicatos, que foi moi contestada pola CNT e moi defendida pola UGT ¿non? Pero bueno, o caso para os meus efectos é que os rexistros están noutro lado e se nos perdeu, ou non sei onde están. Nos gustaría saber máis. Entón tería dúas seccións: a de atadoras⁷ e a de fabricantas.

LRB.- Si, pero eso sen cousa legal. Protestaban pero non tiñan forza. Despois foi cando se xuntaron. O presidente era ese, Manolito... despois foi o presidente das mulleres.

P.- Deste sindicato, La Reivindicadora. E a súa nai era...?

LRB.- Miña nai era tamén... Vicepresidenta ou tesorera... Ela tiña un puesto, agora non me recordo. Antes da guerra xa a prenderon. Estivo presa dúas veces unha vez botou dous días outra vez botou día e pico e así todo.... coaccionista chamábanlle. Denunciárona

⁵ En diante Movemento refírese ao golpe de Estado contra a II República Española no ano 1936.

⁶ En diante huelga = folga

⁷ En diante atadora = atadeira.

porque antes de entrar a traballar ou así, pois falaba coas atadoras. Un día por coacción colleu a guardia civil e levouna.

P.- Este sindicato era da CNT?

LRB.- Da UGT.

P.- O sindicato das mulleres era da UGT. Eso é mi interesante, porque...

LRB.- E o dos canteiros tamén.

P.- Tamén era da UXT o das traballadoras das fábricas de conservas de Vigo e os seus arredores. Este sen embargo era diferente.

LRB.- Cal?

P.- O de Cangas era diferente, tiña personalidade xurídica propia. Non pertencía ó sindicato das traballadoras da conserva de Vigo.

LRB.- No,no,no,no. De momento eran solo elas aquí. Dispois da guerra ou do movemento xa nada. Era para unirse todo, pa unirse todo.

0:11:12

P.- Di que a prenderon varias veces por coaccionista (sic), por facer coacción. Isto en que momentos? Recordas cando foi?

LRB.- No ano 33, 34. Máis ben no 34. Antes da revolución de outubro, dispois da revolución de outubro, un pouco e aí foi cando máis luchou. E quen a acompañou a segunda vez que a levaron foi o tal Manolito ese. Que foi el a sacala, a falar co Gobernador a Pontavedra e foi cando a botaron fora, cando a soltaron. E meu pai no 34 tamén. Andaba ó mar, estaban parados que había huelga, e unha noite, a xente: “hai unha revolución en Asturias e tal”. El estaba paseando pola Alameda vella, por aí, e chega unha lanchita con guardias de asalto abordo e desembarca no muelle⁸ pequeno, no muelle que hoxe desembarcan os barcos de pasaxe, que era a mitá de largo, era un muelliño pequeno que era a descarga dos balandros que viñan coas cousas de Vigo e todo eso. E empezaron a tirotear. Empezan a tirar tiros ó aire, os guardias de asalto e a xente escapaba toda polas calles pa riba... quedou todo nun puro silencio, nun puro silencio. E claro a xente con medo escapou todo por aquí, polas Andias, por San Roque, e dispois volveu para as súas casas. Puxeron o toque de queda para que a xente non puidera andar pola calle. E nos estabamos na casa. Meu irmán tamés escapou e ás dúas da mañán apareceu na casa

P.- Seu irmán José?

LRB.- Meu irmán Ángel, o que me mataron dispois. E nesto sentimos bater na porta, e meu pai estaba na casa e sentimos un murmullo – era unha casa moi estreitiña - e mamá foi abaixo. “No es aquí la casa de Rodal?” (fala moi baixo) Mamá meteu todo no fallado da casa, que era unha abertura que había na cociña. Eles viñan máis ben por buscar ó meu pai,

⁸ En adelante muelle = peirao

pero viñan por registrar. Tiñamos un revólver como un mauser, así de largo, que tiñamos de recuerdo, xa era do meu bisabuelo. Tiñámolo como recuerdo alí e.. era así de bomba e tiñámolo dentro dunha arca, e así como o miraron xa alucinaron... pero si aquilo nin tiña balas nin... era unha peza de museo que tiñamos alí nós. E buscaron... “ Mi marido va en la mar” , “Pero están en huelga”, “No, pero va a pescar” ignorando o mal que viña. “Bueno, pues dígale a su marido que al venir de la mar que se presente en el cuartel”. Eso eran as dúas e cuarto da mañán. Meu pai en canto os sentiu marchar... que foron buscar a outro señor que vivía un pouco máis arriba, na calle do Sol, petáronlle, un matrimonio con seis fillos, petáronlle... A un señor do forte déronlle unha chaquetilla⁹ (sic) que...sete costillas rompéronlle. Dos golpes houbo que levalo nunha cajuela (?) pa casa...tivo que ir ó hospital...un chaval xoven tamén. Collérono na calle e como lle dixeron que era do sindicato déronlle unha palíza que...

P.- Os guardias de asalto?

LRB.- Os guardias de asalto.

P.- E quen era este señor? Recordas?

LRB.- Era este señor... que ten netos agora... como se chamaba... Casás, Manuel Casás que vivía pola calle de San José, onda o cemeterio, nunha casiña baixiña, que agora están edificando alí. E collérono. Viña do mar, cunha pateliña así, pola calle San José pa riba, o toparon. Os que iban cos guardias de asalto, era xente de Cangas (destácao), que eran unhos¹⁰ guardias municipais. Uns desgraciados, un al menos. E dixeron “Este é do sindicato”. Déronlle coas porras... Andiveron con el como unha pelota. E xa houbo que levalo. Os veciños a gritos saliron cando marcharon os municipais, a collelo e levalo a Pontevedra.

P.- Este señor era “Ghatos-ó-Lombo”, no?

LRB.- Si... ese elemento.

P.- Había algún máis?

LRB.- Había un que se chamaba Modesto García.

P.- Pero ese tamén era...?

LRB.- Bueno, como este non. Este era máis cínico, este era unha cousa fora de serie. E logo había o Chiripa, que xa era vello. Eran catro ou cinco. Había un Moldes... ese foi dispois máis tarde, dispois do movemento, un hermano dos Moldes, ese tamén foi bo - estaba casado aquí en Coiro, eran nove irmáns: “nueve hermanos nueve héroes” viña na portada do Faro, aínda non hai moito que se tirou que estaba moi estropeada. Na portada do Faro viña, a madre no medio cun medallón e dispois todos ó redor: “nueve hijos nueve héroes”. E dispois meu pai, - claro, meu pai daquela tiña 46... 48 anos - foron pa calle de arriba - era un home fuerte, anque era pequeno era fuerte - xa colleu todo calle abaixo,

⁹ Refírese a que lle deron unha tunda.

¹⁰ En diante unhos =uns.



daquela non había luces como agora, non había coches, non había nada. E atravesou todo e subiu polas escaleiras da Torre del Gallo e colleu o camiño de San Roque, todo todo todo... Tiña un hermano, en Darbo, Santa Marta, casado alí...

P.- Seu irmán era Juan... ou Francisco...

LRB.- Non era Ángel. Ángel Rodal Lanzós, si.

P.- Tiña moitos irmáns e moitos primos, todos Rodal Lanzós.

LRB.- Si, claro, porque a miña familia era unha familia larga, larguíssima. In da é. Entonces claro, meu pai escapou, e explicoulle á miña tía, o meu tío o que pasaba. Entonces non o deixaron estar na casa, levárono para unha casinha pequeniña que tiñan cerca da praia. Unha casinha que metían así leña... unha casuchiña. E alí estivo. E despois, ese señor que vivía na calle de arriba - tiña unha huertiña a casa por detrás - e a muller: “ai dios mio, non te entregues, non te entregues, non te entregues! Vaite, vaite!” E colleu todo pola Fonte do Galo pa riba, e chegou aquí ás Andías e tamén desapareceu.

E meu pai estivo alí dous meses. Pero tódalas noites, ó non aparecer, tódalas noites os falagistas, pola carretera... Meu pai sentía, cando andaban por alí os perros, sentía... Pero meu pai íbase a meter a unha robleda¹¹ - unha robleda que había por alí cerca por Limens, por alí, que miña tía conocía todo aquilo - e metíase alí.

E un día, outro día, outro día, outro día, e cando se miraron así moi acosados, ese señor Ángel (...) casa de Darbo, e un día falaron cos compañeiros de Vigo, viñeron os do sindicato, e truéronlle¹² desde Bouzas unha lanchiña, un botiño, e colléronos alí na praia de Limens e leváronos: meu pai colleu pa Tui - que eu teño familia en Tui, teño un tío e uns primos, chavales - e ese señor Ángel colleu pa Baiona. Despedíronse na Porta do Sol mesmo alí, un colleu pa un lado outro colleu pa outro e así estiveron. Escapados, na miña casa sempre a registrar, sempre a preguntar “donde está su marido? Que se presente...”. Dispois, eles non apareceron, estaban estaban alí escondidos, e prenderon ós familiares. A min xa non me prenderon porque meu hermano - ó que mataron dispois- estaba enfermo. Isto todo no 34. Meu irmán estaba enfermo, había vido de Santiago estaba no Gil Casares, estaba malo, que botou un pouco de sangue pola boca... que daquela era terrible, que morría xente. E diso non o puideron levar. Un maior estaba en Santiago, que estaba de mancebo nunha farmacia dun farmacéutico.

0:20:55

P.- O maior é José.

LRB.- Sí, o maior, si. Estaba nunha farmacia que hubo onde está agora a casa Chis-Chis, que era a farmacia que había alí. Estaba de mancebo e dispois como o señor marchou para León, a unha farmancia, levouno palí. El sabía que iban a fastidialo, pero alí camuflárono moi ben, nadie supo donde estaba nin donde non estaba.

Meu pai botou... seis meses ou cinco meses. A familiares meus, primos... todos presos, eh! De todos cantos tiñan xente escapada, todos presos. E dispois viu unha lei: que se

¹¹ Carballeira

¹² Trouxéronlle.

presentaran, que non pasaba nada. Xulgáronos en Vigo mesmo, na calle do Príncipe, antiga, na cárcel vella. Xulgáronos alí e viñéronse. Eso foi no 34.

Claro, a cousa sería. Pero os xudíos¹³ estaban por detrás. A xente mala estaba por detrás. E todo foise fraguando todo hasta que viu o que viu... hasta que viu o Movemento. O movemento estallou o 18 de xullo e... o 26 prenderon a meu pai. Antes xa prenderon á Gestora¹⁴ toda. O 26, o 24... prenderon a Gestora: a don Agustín, a Angel del Río, a don... señor Jesús Barreiro, ao secretario que era un tal Búa, a uns conceghales¹⁵ que eran de Darbo, prendéronos... e meu pai se estaba afeitando na peluquería. Eso foi dous días máis tarde. Prendérono e metéronos... chamábase... onde é o ambulatorio

P.- O “Instituto de Higiene”? Recén construído, por tanto, porque iso era unha política do Frente Popular

LRB.- Pero eu non recordo exercer nada de medicina aí. Eu non sei...

P.- Non debeu chegar a funcionar.

LRB.- Eu recordo unha escola aí, unha escola dunha tal doña Anita. Pero despois eso fíxose... non era un cuarto de socorro nin había nada, eu non recordo haber cousa de medicina aí.

P.- Era unha política sanitaria...

LRB.- Sí. E despois foi cando se fixo. Aí os meteron. Aí os meteron. A meu pai o 27 prendérono. E o día 13 de agosto levaron a miña nai. Meu pai preso e levaron a miña nai. Estábamos na cama... meu pai preso, o outro meu irmán estaba en quintas, estaba en Cartagena. E o outro que mataron estaba no mar. E eran as catro da mañán. Estábamos na cama... co calor... unha noite de agosto, un calor tremendo... e chamaron á porta e miña nai baixou. Baixou así conforme estaba, así co camisón, descalza, hasta nin zapatillas puxo nos pes. E baixou... e estaban dous falagistas e un guardia civil, e un particular. Despois mamá contoume, e “es aquí la casa de...”, “Si”, “Tiene que venir a dar una declaración”. E dille mamá: “A esta hora?” “Si, si, si. Venga usted a dar una declaración al cuartel”. E claro como daquela non podías... desde as 9 da noite hasta as 8 da mañán non se podía andar nadie pola calle. Nadie: nin abrir unha porta nin (...) de emergencia. Todo un silencio sepulcral no pueblito. E entón colleron e levaron a miña nai. Despediuse de nós, xa desde abaixo: “Adiós filliñas, xa veño pronto”. (chora) E cando quedamos alí, a chorar, eu tiña 15 anos e miña irmán tiña 13. E cando viu así o día, unha veciña de enfrente sentiu chorar e veu a xunta de nós “Caladiña, filliña, caladiña que ha de vir túa nai, tal tal”.

Nesto chega o meu irmán do mar. Andaba ós oficios baixos, non andaba á ardora. E contámoslle o conto, que levaran a mamá e tal. E fomos ó cuartel. Fomos ó cuartel a preguntar... “Aquí no”. No cuartel aqueles días e aquelas noites... aquilo era a Gestapo. Alí era o cuartel, e en frente, que fixeron a Falange, enfrente, naqueles edificios fronte onde é o ayuntamiento¹⁶ agora, pegado coa de Andrea, coa Palma... con plaza, máis adiante unhas casas que había alí, alí era a Falange. E a miña nai cando chegou levárona así, non a

¹³ Xudeu

¹⁴ Entendemos que se refire ás persoas que formaban parte do goberno local.

¹⁵ En adiante conceghal e conceghales = concelleiro e concelleiros.

¹⁶ En adiante Ayuntamiento = Concello.

deixaron ir arriba poñer nada, foi así co camisón, e puxo unha bata de casa por encima, xa bastante usada, e así a levaron. E ó chegar alí, xunto o cuartel, que había un kioskito alí, miña nai mirou un coche e mirou unha chavala dentro ... “Deja estar esto aquí”.

Foron ó cuartel, anduveron por alí. Mamá choraba. “Cale, señora, cale que non... vamos a Pontevedra facer unha declaración e...”. Mamá non. Mamá desconfiou mal porque xa desconfiou mal. Entonces claro... “Cale, señora, que...” “E ti de onde ves?” “Eu veño de Marín”. - era unha chavala xoven –“ No, a min non me fixeron nada, solo me... así dixéronme sandeces e cousas feas pero... nada non me fixeron, tal”.

E neste, claro, o coche tuvo que dar volta así pola cuartel, e pasaron por diante do Instituto, donde o ambulatorio vello. E díxolle: “Adios compañeiro”. E claro... meu pai non oi, había de estar dormido (chora), pero don Agustín oi a voz dunha muller que dicía... eso. O día seguinte, explicouno “non sei a quen puideron levar esta noite, pois...” porque xa habían levado moitos, xa habían sacado moitos do ambulatorio; xa sacaran a Corbacho¹⁷, o que era presidente da Alianza, Camilo...

P.- Camilo Rodal Rodal. Este señor é “O Pitiscado”?

LRB.- Petiscado, si

LRB.-... a un de Aldán, o que era presidente do Sindicato. E así. E xa sabias que da que levaron xa non apareceron. Primeiro machacáronos. De todo, fixéronlle de todo na Falange, aí. Por a cola a quen dá máis golpes. Porque apareceron as paredes todas de sangue... no suelo todo a golpe, a golpe vivo, que tiña que dicirlle onde estaba tal, onde estaba cual... o que fai a policía. E despois a ese señor Rodal, señor Pitiscado, levárono medio vivo. Vivo inda iba, levárono a Borna. Ala nunha volta chamábanlle a Borna, onde hai unha... Copiva alí.

P.- No Latón

LRB.- Latón, si, alí había unhas voltas así e dalí tirárono. E a Corbacho díronlle unha paliza un día e volvérono pa onde estaban os presos todos o que o que... nada, houbo que... Terrible. E despois de que o levaron xa apareceu. Despois miña nai levárona e levárona a matar. E alí antes de chegar alí o matadero de Marín, en Aguete, mesmo na... por aí hai unha baixada que vai xa á praia, hoxe está moi distinto...

P.- O matadeiro de Marín que era da Federación de traballadores.

LRB.- Non, donde? No, no. Antes de chegar o matadero de Marín. Aí desembarcáronas ás dúas mulleres que... E unha foi pa abaixo e outra foi pa riba. Apuntáronlle cos fusiles e dispararon. Á que non lle dispararon foi a esa de Marín; era unha chavala – mamá dixo que tería 20 anos -. E claro, díronlle dúas descargas e xa se quedou alí morta. E miña nai foi así

¹⁷ Lorenzo Corbacho Rodal foi un destacado sindicalista e político en Cangas durante a II República. Participou na fundación das agrupacións socialistas de Moaña e Cangas, foi concelleiro en Cangas en varias etapas, participou na dirección de sindicatos de canteiros e mariñeiros da zona, e colaborou nas revistas socialistas *La Nueva Aurora* e *Solidaridad*. Durante o alzamento militar de 1936 participou e dirixiu accións en defensa do goberno democrático, o cal sumado á súa activa militancia política durante a II República lle custou a detención e posterior condena a morte.

A figura de Corbacho é citada con frecuencia na entrevista a Lola Rodal.



máis pa'riba, que facía así unha alturiña alí... entón claro... suplicoulle ó gardia, porque ese gardia chamábase... como se chamaba ese gardia? Marcial que ... desde esa xa non quixo ser máis gardia civil. E claro. El tiroulle, disparoulle... e deulle neste brazo, neste (sinala un dos brazos)... a bala entroulle por aquí e saliulle por aquí. Miña nai co fogonazo caiu. Sen conocimiento caiu. Pero cando se deu conta cando despertou mirou que estaba chorreando todo de sangue e colleu esa bata que levaba por encima e envolveu o brazo, chea de sangue, chea de todo...

E daquela non podías coller a nadie na casa, e menos un fugitivo, eh! Nin que fora o teu fillo podías ter na casa, porque iba toda a familia. Entón todo o mundo tiña medo, nadie quería a nadie nas casas. Miña nai tiña unha prima que vivía alí cerca do matadero e foi alí para que... si, curouna e tal, pero... “aí, non pode ser, aquí non podes quedar, porque andan os falangistas por aquí e tal”. Tívose que ir, tívose que ir... ela foi andando, pero antes empezou a sangrar moito, moito moito e ela sentiu voces na praia, dos mariñeiros. E baixou, tamén por lavar a ferida, porque estaba toda cuberta de sangue, toda chea de sangue. “Aí, señora, por favor. Tense que marchar, tense que marchar...” Nadie quería responsabilidades porque estabas en perigo tamén ti. E ela botouse a andar, botouse a andar. E chegou alí... antes de chegar a Cela...¿como se chama? Donde son os... a Loira. E había un señor que tiña unha fábrica de gaseosas e viña vender gaseosa a Cangas. Con unha mula nun carricoche (sic). Aquí había unha fábrica de gaseosas, dúas. Ese señor traía gaseosas e dáballas a un primo, que tiña unha tenda, tiña estanco e todo eso, e dáballe gaseosas. E mamá conoía porque comprábase alí. E cando a mirou (baixa moito a voz) “aí, por favor”... explicoulle... “pois mire, aquí na miña casa non pode quedar. Pero veña que teño unha filla que vive alá no monte, que está recién casada, ten un nenino e véñase que a levo”. E foi onde a levou. Miña nai cunha fiebre terrible, os pes todos destrozados, descalza. Curouna (emocionase), lavoulle os pés, deulle unhas zapatillas, unhas medias, deulle unha taza de leite... e acostouna. “Usté non se preocupe que aquí non ven nadie, non hai casas aquí arredor”. Ah! Pero como eles sabían que habían levado dúas persoas e solo apareceu unha, empezaron a buscar. Buscar por todo, non lle quedou aldea onde... querían saber onde estaba.

E mamá: “Dios mío, eu quero ir pa Cangas, quero ir pa Cangas...”, “Pero como vai ir pa Cangas señora, con eses pes tan lastimados como os ten?” “Eu quero ir pa Cangas”.

E entón miña nai dixo: “mira...” Botouse ao monte, todo, desde a subida de Marín viu a dar a Coiro, todo polo monte. Ela iba sempre buscando a altura do monte, para vir rumbo aquí. Pero botou aquí o día. Saliu pola mañán, botou aquí o día... escondéndose onde podía. Había xente cavando nos millos e todo eso... os xornaleiros, e non quería nin arrimarse a eles porque... Estaban bebendo, agua e viño e todo. Ela mirábaos pero... tan cansada estaba... Esa mesma tarde púxose nun valado que había agua e bebeu alí e alí se tumbou e alí quedou durmida. Coa fiebre que tiña, había luciérnagas... cando despertou figurábase os focos dos coches que andaban a buscar a xente... Dispois daí, aquel día todo, viu andando, viu andando, viu andando, colleuna a noite. Ela sabía que unha señora que traballaba con ela que vivía en... arriba de Coiro en Hermelo... que había ido con ela unha vez alí e sabía. E ela, da que mirou as luces de Moaña... cando deixou Moaña, foi máis hacia Coiro; ela buscaba o rumbo e... cando chegou alí de madrugada: “Aí dios mío señora Dolores, aí dios mío señora...”. Porque ese señor, o das gaseosas, chegou a Cangas e xa



falou coa miña familia conforme - o señor das gaseosas, o que viña vender a Cangas - foi á tienda do meu primo... porque como non aparecía por ningún sitio..

P.- Seu primo era Antonio Rodal Lanzós.

0:35:40

LRB.- Rodal Lanzós. porque era primo hermano con meu pai, dúas veces, por pai e nai. Entonces, claro, ao enterarse... ¿e nós que temos que facer agora? Pois nada, hai que falar coas autoridades. Porque mamá, ó día seguinte ou dalí a dous días, no periódico: “que habían herido a una mujer escapada, fugitiva por los montes, que la fuerza la había herido porque andaba escapada por los montes”. Así foi como vaticinaron eles. Como dixeron eles.

Entonces nada, mamá... aquela señor chegou a casa tamén, para decirlle ás familñias – á nosa - que mamá que estaba salva, que estaba na casa. Viuse pa Cangas. Non, antes foron a Pontevedra, á xustiza, á autoridá a Pontevedra, e díxéronlle: “Mire, usted se va pa casa ahora mismo. Y usted no abra a nadie durante la noche la puerta. Si vienen a buscarla...”, “Van a vir a buscarme outra vez...”, “Si vienen a buscarla usted no abra la puerta; que echen la puerta abajo, que se enteren los vecinos, que usted no es una fugitiva...” vamos que (..)para dicir que mamá non andaba escapada. Efectivamente; chegou ás tres e media da tarde e ás 12 da noite “pumpumpum” na porta – miña nai estaba na cama- “Esa mujer que se levante! Esa mujer que se levante!” Cun perro...Un tal, un tal Bernardino, que era un criminal... “Esa mujer que se levante”. Claro miña nai mira aqueles falangistas e aquel lugar de alí, miña nai xa lle deu un ataque de nervios, xa perdeu a empezou a gritar como unha loca... Nos tamén. Ese meu hermano que había vido do mar... miña hermana e eu agarrada a meu hermano a pedirle a... todos... claro, o sargento que viu e mais o guardia... o sargento así e todo... vamos... enterneceuse un pouco. Entonces viña Pan e Porco; Xildo Pan e Porco, que o apelido non sei que apelido era, que tamén foi un bo elemento. Díxolle ó sargento: “Gumersindo, Gumersindo, vete al cuartel y trae la máquina de escribir”. Entón foi ó cuartel o outro... “ta ca ta ca taca” díxolle a Bernal... estaban fartos de saber eles. Entonces constou aquilo: “A esta mujer hay que curarla...”, mandamos vir a don José Piñeiro, viña tódolos días. 22 días estivo de curas... porque a bala perforoulle bastante, entroulle por aquí e saliulle por aquí. Desde ese día que viñeron os falangistas pola noite, desde esa noite hasta vinte e tantos días, noite y día guardia en la puerta, falangistas en la puerta, de dia y de noche, de noche y de dia: fusil, estábanche alí na porta. Non podía nadie, salvo que fora unha filla, un fillo, un hermano ou unha xente mui achegada á familia, non podía ir nadie a xunto de miña nai. E cando estivo clara pois hubo que dala de alta e levárona pa Pontevedra. Estuvo 9 días na cárcel en Pontevedra, chámana ó Consegho¹⁸ e pídenlle pena de morte outra ves. E dispois alá seica tiveron compasión, ou tiveron non sei; porque o defensor, con todo o que era, un tal Santiago Baeza Buceta que (emociónase) facía chorar aquil señor. Pero nin con esas. A pena de morte pidiulla. Pero dispois quedoulle en 30 anos e foi pa cárcel de Pontevedra. Non, foi pa “Normal”¹⁹ porque a cárcel

¹⁸ Pode referirse ao Consello de Guerra, procedemento xudicial militar de carácter sumario.

¹⁹ Refírese á Escola Normal de Pontevedra, fundada durante a II República por Ernestina Otero e onde se formou unha xeración de mestres e mestrás que sufriron un proceso de depuración e represión durante a



estaba completamente chea, era unha cárcel pequena. Estaba chea de xente, e foi pa “Normal”. E meu pai desa xa estaba no... do Lazareto²⁰ leváronos pa Pontevedra tres ou catro veces a declarar e logo xulgáronos. Déronlle pena de morte a don Agustín, a papá, a señor ese... Ángel del Río, a Búa... pero dispois estiveron seis meses coa pena de morte; dispois levantáronlla, pero só lla levantaron a meu pai e a eses, pero a don Agustín non. A don Agustín matárono.

E dispois, claro, mamá estivo aí, botou ano e pico, en Pontevedra. E daí levárona pa Saturrarán, para un puebliño de Motrico²¹, alá no País Vasco. E alí botou cinco anos, ano e pico aquí... Mamá botou seis anos e medio de cárcere, ano e medio mais ca meu pai.

E dispois de tantas penitencias, tantas penas, tantos abusos... miña nai xa era unha muller de 51 anos cando a prenderon. Volveu con 56 pa casa, ou 57. 57. E por iso viu asqueada (emociónase) de curas e monxas e de todo, porque mirou cousas horribles, horribles... do que alí facían. Elas non facían, mandaban facer.

E papá dispois tamén, cando o xulgaron que lle levantaron a pena de morte mandáronnos ó Lazareto. Alí estiveron, casi un ano no Lazareto, pasando fame porque había fame, porque non había quen che dera unha chica, porque había fame, tiñas que estar casi a pedir para darlle comida, porque alí non lle daban de comer. E dispois levárono pa Pamplona para o fuerte de San Cristóbal. Foron de Cangas papá, foi un tal... -que é o que vive, de todos eses é o que vive, ten 88 anos ou... 89 anos debe ter - ; ese foi pa Santoña; outros pa Burgos. Eu meu pai non o puđen tocar nin darlle un beso nin miralo nin... (chora) hasta que o mirei en Redondela, cando ios levaban no vagón a todos... nuns vagóns cheos de presos e despois estivo en Pamplona; alá colleu una neumonía... unha pulmonía, que estivo 11 meses na cama. Cando se levantou houbo que ensinarlle a andar, que non sabía nin andar. Todos compañeiros alí...

E cando foi da fuga - que fixeron unha fuga alí en Pamplona, os presos, que estaban tan fartos de pasar mil calamidades.... e había xente de moita categoría e mui...- estaban alí e planearon unha fuga mui ben feita, pero claro... é o que se dice... os que se salvaron e foron hacia Francia casi no's recibiron. A mitá²² deles xa quedaron polo camiño... e chegaron os gendarmes franceses e... moitos pasaron, pero ós campos de concentración tiveron que ir. Metidos alí. E meu pai non pudo. Todos saliron e meu pai xa non pudo. E dispois, cando abriron as portas, viña vindo a xente, viña vindo a xente; hoxe un, mañán outro... e todos cantos viñan, todos fusilados. Todos entraban polo portalón, pero do portalón palí xa non pasaban. Xa as había nas fosas comúns.. alí os metían, alí os metían, alí os metían...

Meu pai alí botou 5 anos. Cando saliu dicíalle o médico: “Usted que oficio tiene?”, “Yo soy marinero”, “Puh! La mar usted ni olerla. ¿cómo va a ir usted a la mar? Si Tiene los pulmones destrozados”. E non tiña, porque aínda anduvo 13 anos ó mar aquí. 13 anos ó mar ó bonito e a todo, cos meus primos. Inda anduvo 13 anos ó mar. E dispois non moreu deso que morreu de 97 anos cumpridos, case camiño dos 98. Operouse de próstata ós 80 anos, ós 84 anos, e ós 15 días estaba na casa. Era un home mui fuerte.

E nos alí...

guerra e o franquismo. A propia escola foi transformada en cárcere nos anos da guerra, e nela estiveron presos moitos mestres e mestrás.

²⁰ Lazareto era o nome que lle daban á cárcere situada na Illa de San Simón. O nome ven da antiga función de lazareto que tiña o enclave.

²¹ O nome oficial deste municipio é Mutriku.

²² Metade



Despois de que levaron a mamá... prenden ó meu hermano. Porque tendo xente da parte dos rojos²³, como lle chamaban eles, tendo xente na parte dos rojos, para que se viñeran paquí, prendían ós familiares. A min toda a familia de miña nai, dos meus tíos, dos Blancos, todos estiveron presos. E unha familia de Darbo... e meu irmán tamén. Como miña nai e meu pai estaban presos, meu irmán estaba alí, perndérono a el. Estiveron 5 meses da forma máis inhumana que se pode mirar, porque estaban nunha cuadra de cabalos, de durmir no medio dos cabalos, sin darlle de comer, había que ir tódolos días a levarlle a comida a Vigo. Despois tuvemos, como eramos 11 e 11 de familia, alugamos unha casa e facíamolle de comer en Vigo para darlle de comer; gracias á xente, ós mariñeiros que botaban pescado, dábanos pescado, e incluso os barcos de paregha, como a nosa familia era unha familia honrada, boa ... (chora). Dábanos merluzas, sapos, de todo... vendíamos aquel pescado e despois facíamolle (córtase brevemente 46:07- 46:26) a comida alí. Comida, desayuno e todo. Estuvemos cinco meses alí.

E despois un bon día soltan a todos; todos pola calle do Príncipe abaixo viñan - que eu aquela tarde fun... porque botaba aquela noite alí para facerlle ó outro día o desayuno- e viñan todos pola calle do Príncipe abaixo viñan todos abrazados... e eu viña contenta tamén... e digo “Ai, e como non ven Ángel?”, “Ángel soltarano mañán, porque.. confundírono aí cun fotógrafo que andaba facendo fotografías en Vigo, na calle do Príncipe, tal...”

E eu claro, daquela que... hai 65 anos... que sabías ti da vida?, que sabías ti do mal, da malicia que había? E cando cheguei alí... el así a todo xa non estaba moi tranquilo, abrazouse a min “Si, que o solta mañá...”. Fun o outro día a levarlle o desayuno e xa no topei (chora). Xa no topei. Alí nadie daba a razón. Un que non sabe, outro que... Funmos todo por aí andando, andando, hasta Porriño, por alá... “Ai si, aquí apareceron tantos, alí apareceron cantos, alí tal, ali cual...”. Hasta que chegara a Xincio, a Xincio, antes de chegar a Pontearas. Dixéronnos que había uns cadáveres alí, pero que o cura nos quería enterrar no cementerio.

P.- O cura non quería enterralos no cementerio.

LRB.- O cura dixo que no cementerio que non se enterraban rojos. E daquela como non había ningún medio de locomoción pa traer un cadáver, non había nada, non había cartos na xente... pois alá lle pediron, incluso os veciños dalí, nós tamén, as familias... porque co meu irmán mataron a tres máis: un tal Chaves de Vigo... Meu irmán tiña 18 anos. Pero ó meu irmán matárono ó ano seguinte en abril, o 37 en abril. E daí matando xente, e daí matando xente, e daí matando xente... Entonces pedímoslle... enterrámoslos no atrio: había unha tapia así. O cementerio non era cerca da igrexa, era ó outro lado da carretera. E era unha tapia así que había nunha tapia por detrás do...que era un atrio grande e alí os 5 foron enterrados alí.

E despois cando meu pai viu, que viu antes no ano 41, naquel ano da fame, porque a verdá ibas coa fame, porque acabouse a guerra no 39... o movemento asqueroso, no 39, empezou a segunda guerra europea²⁴ e todo canto producía España, todo o levaban, todo...

²³ En adiante, “rojo” ou “roja” é o apelativo despectivo que se daba dende posicionamentos profranquistas a calquera home ou muller republicana ou con ideoloxía de esquerdas.

²⁴ Refírese á II Guerra Mundial.

Quedamos sen aceite, quedamos sen pan, quedamos sen azúcar, quedamos sen nada... todo todo o levaban. A fame de España viu dispois de que se terminou a guerra. A fame viu daí. Para eso mandou as armas. Para eso Hitler lle mandou as armas, e os avións e os tanques e todo para combatir aquí en España. Foi co que se lle pagou. E dispois cando lle pediu xente, Hitler en Hendaya, cando se reuniron en Hendaya, pediulle que lle tiña que mandar non sei cantos homes. “No le mandaré un batallón. Le mandaré un millón de hombres” díxolle Franco. Que perdera cuidado que se... e foi cando mandou a división azul.

E dispois, cando se terminou a guerra - meu pai cando se terminou a guerra inda botou dous anos máis - e cando terminou a guerra, pois ¿que facían coaquela xente alí? Porque eran moitos miles de personas que había presas. Porque polo interior... porque cando viu a guerra, Galicia quedou por eles. Andalucía toda por eles. Castilla en parte, e Teruel e Huesca e por aí a medias. A parte de Levante quedou toda pola parte roja, polos rojos, que lle chamaban iles. Quedou a meseta e de Madrid e Toledo e por aí

Estaba todo destruído, todo arruinado, ¿que facían con toda aquela xente alí? Entonces empezaron a... porque fixéron, polo interior fixéron xuzgados, para xuzgar á xente. Dispois “Bueno, ti que queres estar na carcel ou ir a...?” A xente xoven preferían ir a División Azul; moitos miles de españoles foron á División Azul. Os que andaban moitos que andaban escapados que aínda eran xoves metéronse na legión e na División Azul... e os demais tamén. Eses eran os que mataban xa adiante.

E dispois miña nai viu, meu pai viu primeiro. E non o deixaron ir ó mar. Era un ano de bonito. Viu o 17 de maio. Era un ano de bonito, que viñan os barcor forrados...

P.- De que ano?

LRB.- No 41. No 41. Había sardiña. Había bonito...

P.- Il viu de Pamplona no 41?

LRB.- Si. Papá no 41. Mamá no 42 e medio casi. Papá viu no 41 naquela fame horrorosa que había. E dispois querían traballar. Viu el, viu ese Manolo Nuñez, que foi pa Santoña. Viu Germán Leiro, que foi pa Burgos. E querían ir a traballar ao mar e non podían. Don Rosendo Novo non lle daba, non lle daba a licencia na Ayudantía. “Que a los rojos había que eliminarlos, que exterminarlos”.

P.- Eso decía don Rosendo Novo?

LRB.- Sí, eso decía: “Aún os presentais aquí! Rojos. Los rojos hay que exterminarlos, de raíz!” E era un home que ía a misa tódolos días, a comulgar tódolos días.

E entonces, claro, eles non podían andar reunidos máis que tres; ao máis, tres. Entonces claro ¿a donde iban? Non había calle, non había televisión, non había nada... andaban pola calle... A traballar nada non podían ir.

Entonces un día, como xa pasaban así sete ou oito meses xuntaronse entre uns cuantos e foron a falar co gobernador a Pontevedra, dicindo que eles quería traballar. Meu pai dicía: “Está España arruinada, destruída e hai tanta xente presa que quere traballar... ¿porque non botan esa xente fora para que vaian a reconstruír? Acabouse a guerra, pois, ti queres traballar? A traballar!”. Nin vencedores nin vencidos. Pero eles non. Eles estiveron machacando, machacando, machacando, un ano, dous anos, 20 anos, hasta que morreu o

“enano do Pardo”²⁵ nou houbo maneira de... de... por favor! Hasta pouco tempo antes aínda firmou a morte dos de Burgos.

0:54:22

P.- ¿Volvemos ó 34? Do ano 34 queríalle preguntar varias cousas. Eu o que percibin que prenderon no 34 foi solamente a estes, solamente que a prensa non da moitas noticias desto...

LRB.- ¿Prenderon a quen?

P.- A Antonio Blanco Rodal.

LRB.- Si, foi o que mataron, que teño aquí a esquela. Presteina para facer unha fotocopia e... (mostrándolle a esquela) Este é Felipe Antonio Blanco Rodal – que estes son os 11 que mataron en Angueiro -. Ós 70 anos fixéronlle esta esquela. Leveina pa facere fotocopias aí á calle real e xa a metín aquí.

P.- Antonio Blanco Rodal era do Partido Comunista? Camilo Rodal Rodal?

LRB.- Un fillo do Pitiscado, que morreu n´ Argentina

P.- Este é o pai. Camilo Rodal Rodal é o pai

LRB.- Non. El é Rodal Blanco, coma min. Como eu. El Antonio Blanco Rodal, e eu son Rodal Blanco.

P.- Si, Antonio si, pero Camilo Rodal...

LRB.- Camilo Rodal Rodal é o fillo do Pitiscado.

P.- E Rafael Rodal Rodríguez?

LRB.- Minto. Rodal Rodal é o pai.

P.- Dinlle moitas voltas para saber quen era. Camilo Rodal, porque este señor aparece bastantes veces na dirección da Alianza...

LRB.- Era moi pacible aquel home, era moi tranquiliño o señor Camiño. E que mortiña levou o pobre!

P.- O Pitiscado era Camilo Rodal. Sen embargo aparece como Emilio Rodal en algunhas memorias...

LRB.- Rafael Rodal Rodal era un fillo... porque el tiña 3 fillos en Buenos Aires, e aquí tiña un tal Rodal Rodal que cando viu esta guerra tamén o perseguiron, tamén andou escapado, e despois embarcou, escapouse, e levárono desde Bueu hasta Pontevedra e de aí marchou a Buenos Aires.

²⁵ Refírese a Franco



P.- Ángel del Río nas súas memorias dí: “Emilio Rodal... O Pitiscado”

LRB.- Ese é o pai. Camilo. O pai era Camilo. E Emilio Rodal, fillo de Camilo, está en Buenos Aires. O que marchou daquí foi Rafael. O pai é Rodal Rodal, Camilo.

P.- Este era irmán de Concepción Rodal Rodal, que tiña un barco?

LBR.- Non.

P.- Esta era a nai de Antonio Iglesias Rodal, non? Concepción Rodal Rodal era a nai do Maraxe.

LBR.- Ai si, si, Sra Concepción, si. a nai de José Maraxe. Ramón Iglesias. Maraxe tiña un fillo , chamábase Antonio, que era bastante sensato. Tamén cando foi desa guerra tamén o molestaron, prendérono pero soltárono e despois marchou de aquí, foi para Algeciras botou alá polo menos vinte e tantos anos, trinta casi, e viu xa cando xa era maior e morreu aquí.

P.- Luis Soliño Acuña. Se nos pode facer unha semblanza...

LRB.- Foi o que mataron, que o levaron tamén da casa, e tamén desapareceu. Ese muchacho era mariñeiro, pero cando era chaval era sancristán, da igrexa de Cangas.

P.- El ou o irmán?

LRB.- Despois foi Esterio, o hermano, pero el de chaval... ese home daquela xa tiña uns corenta e tantos anos, cando eu tiña 14 ou 12. Primeiro foi mariñeiro toda a vida. Cando foi chavalito era moi delicado, meteuse na Igrexa e don Valentín Losada - que era o cura párroco de Cangas - queríalle muito porque era boa persona. Estivo hasta bastante maior na Igrexa. E despois pois outra vez foi o mar, e casouse en Bueu, pero non fixo moi bo matrimonio e volveu a Cangas e estaba cos pais. O pai era ceguño, vivían aí na plazoleta aquela do Señal, alí dipois da fonte. Xunto ó Bonín, alí nunha plazueleta que fai o Bonin, vivía nunha casa que había alí. E claro, era tamén do sindicato, moito, era moito da Alianza, de todo, cando andaba o mar era moito, era delegado, non sei que era... E despois andaba escapado, andou un tempo escapado, e despois o pobre xa farto de andar escapado foise a casa. E na casa tiñan abaixo unha especie de... non sei que era. Abaixo no piso tiñan unhas tablas, e escavaron, sacaron area e alí durmía. Durante o día estaba na casa, pero durante a noite metíase alí. E había veciños enfrente – por onde baixan os coches, naquela esquina -; un fillo de Moldes, de un dos Moldes que estaba casado alí. E a muller dicíalle que ela miraba movimientos - porque o pai era cego e a nai xa era vella - , que ela miraba... que polos cristales miraba movimientos de estar el na casa. Busca busca busca, así que sentía petar estaba durmido na cama, metíase nese buracuño... Ah! Pero un día ese Moldes estaba “tac tac tac tac pa pa pa pa pa... que o mira miña muller, está aí!”. E un día foron a buscalo e foron rexistralo... “Vente filliño vente, que xa marcharon”. Eles estaban na porta oíndo. E xa o colleron e hasta o día de hoxe non souben máis del. Saben que lle deron

unha boa chaquetilla²⁶ tamén na Falange, tamén lle deron unha boa paliza. E xa non souben máis del.

P.- Este era do Partido Comunista

LRB.- SI, si. Luis si.

1:00:35

P.- Antonio Nores Rodríguez, Emilio Nores Rodríguez, Ángel Nores Rodríguez, e Faustino Nores Rodríguez.

LRB.- Antonio... Antonio non. Eran hermanos todos, pero Faustino non era moito. Quen era máis era Emilio, Joaquín, Ángel.

P.- Emilio era do Partido Comunista.

LRB.- Emilio si. Tamén o mataron.

P.- Era do Partido Comunista?

LRB.- Sí, Emilio si.

P.- Porque hai versións contraditorias, algúns dicían que era de Emiliano.

LRB.- No, de Emiliano non era. Era do Partido Comunista. El e mais un tal Mejuto, que era que tiña un taller de *arreglar* así barcos e iso. Dunha ¿fundición?. Arreglaba barcos en Vigo. E despois viu pa Cangas. Puxo alí na Ayudantía. Era cuñado, estaba casado cunha filla dese, dese... Alejandra Nogueiras Lagoa. Viu paquí, truío catro ou cinco obreros de Vigo pa traballar aquí. Entón os Moldes daquela fixeron un barco e el foi o que llo preparou, vamos, quen fixo todas as cousas. O caso que era unha deuda de 28000 pts. Fixérono desa maneira porque Alejandra era irmán da muller do ghefatoste²⁷, de Marcelino Moldes. Marcelino era o ghefe regional. Durante dous anos foi o ghefe regional de Falange. E claro, a muller de Marcelino Moldes era a segunda filla dese home, do panadeiro ese (Vicente Nogueiras) e el fíxolle o chollo e eles non lle pagaron chica. Pois valéronse deso, prendérono, con mil subterfugios, con... traía boa conducta, por que el era un patrón, estaba afiliado... tiña unha industria, non era un obrero... pues ellos hicieron maneras y modos y modos y maneras de... Fíghate que falso, daquela o goberno estaba en Salamanca. O goberno de Franco estaba en Salamanca. E fíxo ir a muller do Mejuto ese, a cuñada do Moldes, Alejandra, fíxo ir a facerlle a pantomima de ir pedirlle a Franco de que... Nada, todo o contrario! Truérono aquí, xulgárono, foi ese bandido de “Ghato ó Lombo” que non o mirou, que nunca na vida mirou semeghante cousa, foi a decir que “Que estaba alí, que estaba no Ayuntamiento, que...” e xuzgárono e pedíronlle a pena de morte. Estuvo así nove meses e coa pena de morte. Quedoulle un rapaz de ano e medio, un nenño de ano e medio.

P.- Un solo? Non tivo máis fillos ca un?

²⁶ Tunda

²⁷ Xerifalte.



LRB.- No, ese Mejuto tiña dúas fillas e dous fillos. Finita era a segunda. A maior, Ita – Isabel –; o terceiro era Chicho – non sei que nome sería Chicho - e o cuarto era Fernando.

P.- Mejuto era do Partido Comunista, era da célula comunista de Cangas.

LRB.- Era, sí, era

P.- E ra moi destacado?

LRB.- Non, era un home, mais ben... eu non che podo dar moito porque no sei, pero sei que era un home sano. Era un traballador, amigo da familia, tiña unha finca aí na Retirosa. Non tiña mais... non había cafés, non había andar por tabernas, metíase alí nesa finca cos fillos... a ilusión del era os fillos, os fillos e así. E matárono. Por non pagarlle a deuda. Todo foi por non pagarlle a deuda.

1:05:20

P.- Aquilino Blanco Rodal.

LRB.- Meu primo, tamén. Era o teu veciño alí.

P.- O irmán era do PC, el era de Mar y Tierra. Mar y Tierra e o PC, como se levaban?

LRB.- Bueno, sempre había... Os de Mar y Tierra eran xente moi xoven. Mais ben era para instruílos en todas esas... para atraelos, porque daquela había moitas trabas: a Iglesia, a Iglesia, a Iglesia, a Iglesia... “Ah! ¡Mar y Tierra! Mira paí, tumba, no entran nas iglesias, en Rusia queiman as iglesias, queiman ós curas...” Mamá non tiña máis nome ca “Rusia”, mamá era de Rusia, non era española²⁸. E despois dun ano de lutar para revisarlle a causa, había un cura que había aquí que lle chamaban don Liborio, un cura que era republicano, foi o que me dixo: “tienes que hacer así y así y así y así”. Eu fun ó cuartel, fun ó cura, fun a todo, e díxome o cura, que daquela xa era Sanmartín. Díxome que el “no tenía atribuciones para...”, díxome “tu madre tiene que estar a 40 kilómetros fuera de la provincia. Tu madre no puede residir en Cangas. Despois de botar seis anos!

P.- Sanmartín se caracterizou muito por comprometerse políticamente, muy de derecha digamos.

LRB.- O cura? Oh, mamá! El non lle foran a pedir informes para mandar a un frente, - dos frentes pedían informes ós pueblos, aos curas; os curas estaban á cabeza -, pois díxome así: “Su madre tiene que estar a 40 o 50 km de Cangas”. Ti querías un aquel de buena conducta e tiñas que ir ó cura. Se ibas ó cuartel e sen a firma do cura non che daban, non te avalaban para calquera cousa que querías facer. Había que ir ó cura, había que rendirlle preitesía ao cura.

P.- José Blanco Montes

LRB.- José Blanco Montes, non. Era hermano de miña nai ¿Ti conoces a Ángel Calvar, que estuvo moito tempo na Fe? Pois o pai, que era hermano de miña nai. Estuvo preso

²⁸ Entendemos nesta frase que a nai de Lola Rodal Blanco era acusada de “rusa” polas súas ideas de esquerdas.

tamén por outubro²⁹. Canda o Movimiento tivérono moito tempo sen traballar, que non podía ir ó mar, pero prender non o prenderon. Estuvo preso no 34

P.- Que profesion tiña?

LRB.- Mariñeiro. Aquí non había ... eran todos mariñeiros.

P.- Porque seu irmán, seu tío Joaquín...

LRB.- Era Joaquín, era mamá, eran... bueno eran cinco hermanos. De homes solo era un que morreu en Cuba, chamábase Antonio; era Joaquín e era José.

P.- Este José estivo preso, de que tendencia era?

LRB.- Era tamén sindicalista. Era da UGT.

P.- Da UGT, dentro da Alianza?

LRB.- Da Alianza, claro. Pero non era un home...

P.- Faustino Nores Refojos, que é o pai de todos os irmáns.

LRB.- Dos Nores todos. Era un home que non era un carca, era un home... como os fillos non. Gustáballe que os fillos se meteran... pero non era un home así moi destacado. Era un bo compañeiro, mentras foi mariñeiro, pero non foi un home destacado, non.

P.- E sen embargo o prenderon.

LRB.- Sí, tamén o prenderon. E o fillo que mataron, o Pepe ¿que era? Era albañil, un rapaz como unha ovella, porque en vez de parecer de 17 anos parecía un de 10, porque era a inocencia personificada. E foron a buscalo a casa e...

P.- Eugenio Bastos Fernández.

LRB.- Era ese, que era comunista. Eugenio eran dous hermanos. A un matárono no fronte. Matárono pola espalda no fronte. Dispois de estar preso, matárono. Un chamábase Trueba, Trueba de apodo pero ¿como se chamaba? Non sei. Eugenio era Jatón. Traballaba en Vigo na Metalúrgica. A ese tamén o mataron cós “11”.

P.- Rafael Rodal Rodríguez? Este era fillo do Petiscado. Ese era destacado?

LRB.- Si. Rafael sí, Destacado. Bastante. Unha que xa non iban a igrexa ni-a nada. O non ir á igrexa en Cangas un mariñeiro xa era motivo de non verte ben. A persona que non iba a igrexa... Agora pónome a pensar moitas veces: “¿Que cambio levou esto, dios mío!”. Cando miro na televisión así mozas... daquela non podías ficir nin “ai”. E se escribías unha carta po fronte ou pa un preso, tiñas que encherlle o sobre todo de “Viva Franco”, “Arriba España”, “Viva la Iglesia”; encher todo o que che cupera, todo o que non era o cuadrado do selo xa tiña que ir así, porque se non iba así xa cho tiraban a un rincón, xa cho tiraban á papelera, xa non circulaba a carta.

²⁹ Refírese á Revolución de Asturias de outubro de 1934.



P.- José Molanes Mallo

LRB.- Sí. Este era sobriño... ti coñeces a Cinturita, a Lemos, o que tiña a Benigno Lemos Mallo. Ese señor era tío del

P.- Este era tío de Cinturita.

LRB.- Era... a muller dese señor Molanes era...

P.- Molanes non. Molares

LRB.- O outro non era Mallo de segundo apelido. E o Molares non era Mallo de segundo apelido.

P.- Este aparece na prensa como preso, José Molares Mallo³⁰.

LRB.- Molares o único que acordo era un falangista que vivía fronte ao cruceiro do río do Siñal, onde hoxe é o Benidor, alí... ese que era un secretarito do ayuntamiento, un escribanito de media tinta³¹.

P.- Entón pudo ser Molanes Blanco. O Manegra que iba dicir del...

LRB.- Era Molanes, que Cinturita era primo da muller dese tal Molanes, primo.

P.- E este señor, José Molanes, foi presidente da Alianza Mariñeira no '32.

LRB.- Foi si. Ese andivo escapado moito *tiempo*, moito *tiempo*, moito *tiempo*. E despois no ano 37, 38... 39, casi terminada a guerra, viu un (...) pa Pontevedra, que dixo que se presentaran todos os escapados que tal, pero non lle pasou... os que quedaron, os supervivientes que quedaron, que estiveron polo monte por aí, os que quedaron que estiveron ben acollidos, eses quedaron aí.

P.- No '39. O Gobernador era Gómez Cantos?

LRB.- Non recordo o nome, houbo tantos! Eu fun pedirlle clemencia a un, a Pontevedra, descalza, e non me recibiu. Porque me decía teu tío Castroviejo, que viu comigo el e mais coa miña hermana diceme: “Venga, venga, venga aquí que yo le...” Nada! Nin nos recibiu.

P.- Sigamos co '34: No '34 hai varias preguntas. Se caracteriza Cangas porque houbo uns acontecementos mui...

LRB.- Turbulentos?

P.- Sí. Houbo coaccións, cousas... asalto ó Casino...

LRB.- Bueno. Asalto ó Casino porque se sabía... porque na revolución de outubro xa se sabía que había armas en moitos sitios, porque a revolución... En Asturias xa había revolución e aquí tamén se querían levantar. Porque no Casino había armas. Na fábrica de

³⁰ Nota do transcritor: “A prensa tivo unha errata. O preso foi José Molanes Mallo, fillo do Manegra, cando na prensa dixo Molares; de aí a confusión entre entrevistador e entrevistada”.

³¹ Dito de forma pexorativa, refírese a que era de profesión escribán.



Daniel Eiroa había armas. Porque todo se sabe. Antes traían a follalata de Vigo; da Metalúrgica de Vigo, a follalata, pa facer as latas para poñer o pescado. Viña a lata envolta cunhas cousas, cunhas madeiras. Aquí facíase o vacío³². E no medio deso viñas armas: pistolas e fusiles. E sabíase, pero claro, sabíano uns cuantos. Entonces ese tal “Ghatos ó Lombo”, cando viñeron os guardias de asalto, a Cangas, ese foi o que lles marcou o itinerario: aquí vive fulano, aquí vive fulano... Entonces claro, meu pai unha mañán encontrouno e díxolle: “Pero dios mío, Manolo, pero dios mío... ¿que se volveu este pueblo?, pero se aquí non hai nada, aquí nunca houbo nada... tantas huelgas, hubo tanta fame na xente e nunca hubo nada...”

El. El el sí que era un incendiario. El si: que quería - cando había huelga e os patronos non querían ceder á huelga- quixo plantarlle con gasolina as chabolas todas do muelle de Ojea, que aí tiñan o Chischis, tiña Valentín, tiñan os Moldes as chabolas. E il quería plantarlle e os demais lle dixeron que Non!, ¿como iba a plantar?, ¿dispois en que iban ó mar dispois os mariñeiros? Que daquela valía un aparello xa 20.000 pesetas ¿como iban a...? e el pois nada...

Entonces cando foi o asalto ó casino, foron... xente xoven toda, xente xoven. E disque, dicíase daquela... Foron á de Cervera, porque na fábrica de Cervera había armas tamén. Don Francisco Cervera, il non era... pero os fillos eran reaccionarios, principalmente o maior, o Antonio, que despois foi alcalde... era un reaccionario. O pai dicen que non se metía... pero sabíase que había armas aí. Entonces planearon... A xuventú máis ben, eses foron chavales xóvenes. E sen embargo culpáron ó meu tío José Blanco, o hermano da miña nai. E meu tío ni nada, non se meteu en nada, e díxéronlle que sí, que había subido ó casino, e que estaba a xente xogando as cartas e eso e que meu tío amenazou a don Pedro Ribero que era un da guardia civil retirado.

P.- Don Pedro Rodríguez. Rivera era o segundo do fillo

LRB.- Ah! Rivera era o fillo. Tamén bo elemento.

LRB.- Entonces eles dixeron que meu tío que había subido... o que dixo eso foi Eugenio Eiroa, que era un chaval, e eso foi o que dixo: que viu ó meu primo, e a dous máis chavales do Forte, a meu tío; a todos cantos lle dician “Si, si, a ese también, a ese también...”... que habían subido ó Casino, que habían registrado a todos os que alí estaban xogando, e que a don Pedro ese que o zarandearon e tal e cual. E veña. Aí en Outubro foi cando os prenderon. E cando os xulgaron trueron a don Pedro. E díxolle meu tío: “En mi vida cogí una pistola en la mano, en mi vida. Tengo mis 50 años y jamás en mi vida cogí una pistola”. Meu tío non fora aí. Os chavales sí. E don Pedro díxolle rotundamente que non, que aquel señor non o conocía... que foi un chaval, pero ese señor no.

P.- No '34 houbo unha represión espantosa que se prolongou ata o trunfo do Frente Popular. Que pasa co Partido Socialista de Cangas? E sobre todo coa posición de Corbacho. Dentro do Partido Socialista no '34 había dúas tendencias: unha que propugnaba a insurrección, que era Largo Caballero, as Xuventudes Unificadas... e sen embargo outras chamadas teses evolucionistas que non querían... incluso houbo xente que

³² Refírese ao proceso de baldeiro.



se deu de baixa no Partido Socialista en aquel momento. A miña pregunta é... como non prenderon a Corbacho, porque prenderon masivamente no '34...

LRB.- A Corbacho no prenderon.

P.- Corbacho que posición tiña...?

LRB.- Era un socialista, destacado, repartía o Socialista³³ todas as semanas, por todas as... viña de traballar e repartía o Socialista polas casas dos afiliados ó partido. Sen embargo, co abuelo do aquel [refírese a Taratola] tiña as súas... Tamén Emiliano Iglesias era un home de tal, pero despois cambiou para o Partido Radical. E o abuelo del foi para o Partido Radical. Entonces había esas... bueno, o finado de Corbacho era un pouquiño exaltado... exaltado, era un home que todo... mentres que o abuelo del...

P.- Mentras que todo, como? Como era?

LRB.- Era un home exaltado, un home que todo quería... quero dicir, non se aviña a razóns... era violento, era un pouco violento, a verdá. E cando foi que viu a República descolgou os Cristo das escolas... entra na escola de doña Perfecta, aquela señora que era mala coma un demonio. Aí onde vive Fani agora, subindo san José, unha casa que ten un patio así pa subir, aí tíñamola escola. E estabamos pola tarde, e había unhas maestras que viñan facer uns cursillos - unha de Aldán, debía ser hermana hermana do que é hoxe arzobispo ou obispo... o Cerviño de Aldán- e estabamos así (baixa a voz) e entra con dous e descolgou o crucifixo que había encima da profesora.

P.- Dous. O outro non era o seu pai.

LRB.- Non, meu pai non. Corbacho e non me recordo quen foron os outros. E doña Perfeta púxose... dios mío! e as outras tamén. E nós caladiñas coma petos (ri). E puxeron o retrato de Alcalá Zamora. E aí, pois... puxo un demo aquí, roxo, un demo coa gancha...

P.- ¿Corbacho?

LRB.- Sí

P.- Había moitos en Cangas que levaban un demiño, así para asustar.

LRB.- Non, non; o del era grandísimo, así. Un demo cunha gancha así, roxo, co rabo así teso, na solapa. E as beatas todas... falabas de Corbacho e as beatas e era como falar ¿de quen? De Lutero!

P.- Sen embargo Corbacho era un señor tenaz, intelighente...

LRB.- Sí, si. Intelighente era...

P.- Coñecía ben as cousas. Digo esto desde o que podoo ler. Os seus escritos de máis novo, cando facía con García Filgueira, o de Pontevedra, cando estaba moi próximo á Agrupación Socialista de Pontevedra, que despois se pasou ó Partido Comunista. El

³³ “O Socialista” era un xornal fundado por Pablo Iglesias en 1886 que constituía o órgano de expresión do PSOE.

conducía ben as cousas e sacaba as cousas para adiante, dentro do posible. El quería as escolas e sacaba as escolas para diante a pesar da oposición doutras opcións...

LRB.- Si,si,si.



P.- Mentres os demais eran moito máis floxos en esto... E foi en Cangas foi moi importante. Foi en Moaña, en Marín...

LRB.- Si. Pero era un pouquiño tamén ¿como lle...? quería as cousas... sempre se encontraba no aquel da razón. O criterio del era o que tiña que valer. Non era un home bastante... Ahora que sí: luchador hasta a morte.

P.- Agora que falamos del; en 1923 fórmase o Partido Socialista de Cangas.

LRB.- Eu nacín no 21...

P.- Si, pero bueno pódese acordar... Seu pai foi ...estaba na primeira Agrupación Socialista de Cangas, con Corbacho - bueno Corbacho o mellor inda estaba en Moaña -, seu pai, Taratola, non sei se é seu tío ou un primo do seu pai, Francisco ou Juan Rodal Lanzós, carpinteiro.

O fragmento destacado en vermello, correspóndese co inicio da entrevista seguinte (Memoria Histórica de Cangas 2) e que dá continuación á presente entrevista.

